

**Acordo entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e as organizacións sindicais CSIF, CC.OO e UGT para a integración do persoal da Axencia Galega de Innovación nas estruturas da administración da Xunta de Galicia.**

Como consecuencia da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o máis acorde co seu deseño, tanto para a xestión na prestación dos servizos públicos como para a xestión do persoal ao servizo da administración, é ter un único réxime de emprego público: o funcionarial. Este sistema permite un mellor aproveitamento profesional que o establecido no ámbito laboral dado que, como se sabe, a mobilidade deste persoal está restrinxida dentro dos postos que configuran as distintas categorías profesionais. Polo tanto coa funcionarización poderase conseguir non só unha optimización na prestación dos servizos públicos, senón tamén a posibilidade da promoción profesional do persoal tan demandada polo propio persoal empregado público e que redundará nun mellor aproveitamento das experiencias profesionais.

No Diario Oficial de Galicia do 1 de decembro de 2022 publicouse o Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CSIF, CCOO e UGT polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do sistema transitorio extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o persoal funcionario. Así mesmo, na mesma data publicouse o acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO e UGT polo que se convoca o procedemento de acceso aos graos I e II do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral. O equivalente á carreira administrativa de persoal funcionario, dado que o persoal laboral non ten complemento de destino.

Os acordos antes sinalados implantan o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa/complemento de desempeño como un sistema voluntario e consolidable de carácter ordinario e extraordinario. Así mesmo, este sistema transitorio configúrase como unha retribución adicional ao complemento de destino ou como un complemento retributivo no caso do persoal laboral.

Cabe recordar que eses acordos consolidan o recoñecemento do grao I do sistema transitorio convocado no ano 2019 para o persoal funcionario ou persoal con proceso selectivo de funcionarización superado e pendente de toma de posesión, así como para o persoal que o teña adquirido por recoñecemento administrativo e/ou sentenza xudicial firme, salvo casos de suspensión e decaemento.

Coa Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ordénanse os entes dependentes da Xunta de Galicia. No que nos atinxe agora hai que salientar que os entes contaban cun persoal propio que tiña establecidas unhas retribucións e condicións de traballo distintas ás do persoal laboral dependente do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia e tamén distintas condicións socio laborais entre eles.


O Decreto 129/2012, del 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción permite a integración do persoal laboral de ditos entes dentro do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia para chegar a un réxime uniforme para todos, e ese réxime segundo esta norma é o laboral.

Con data do 18 de decembro de 2013, as persoas representantes da Administración da Xunta de Galicia e das organizacións sindicais CIG, CCOO, UGT e USTG asinaron un acordo para a modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo do persoal da Fundación para o Fomento da


Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia que se adscribiría á Axencia Galega de Innovación, polo que se homologaban as súas retribucións coas do persoal laboral da Xunta de Galicia pertencente ao ámbito do V Convenio Colectivo.

O acordo foi ratificado con data do 20 de decembro de 2013 pola Comisión de Persoal, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representatividade, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.


A homologación das retribucións acadouse en 2017.



Actualmente o que cómpre é dar un paso máis nestes traballos de homoxeneización de réxime xurídico para que todos aqueles postos de traballo de persoal laboral dos entes que teñan funcións de persoal funcionario se transformen na dita relación xurídica. Isto fai que se posibilite ás súas persoas ocupantes a opción voluntaria á funcionarización sen mingua dos seus salarios tal como se establece no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Esta previsión está recollida na sección terceira base segunda do Acordo de Concertación do Emprego Público do 2019 no que se establece que a funcionarización do persoal laboral é aplicable a:



"1....ao persoal laboral fixo que se atope prestando servizos na administración xeral ou no sector público autonómico de Galicia establecido no artigo 45.a) da lei 16/2010, do 17 de decembro, cuxos postos de traballo se atopen clasificados ou se acorde clasificalos como funcionarios nas RPTs. ...."



Ademais, e unida e consecuencia desa previsión de funcionarización, establécese a posibilidade da percepción, para este persoal, dos complementos de carreira para os que opten á funcionarización e á integración no convenio colectivo único do




persoal laboral da Xunta de Galicia.


A Axencia Galega de Innovación (GAIN) está interesada na aplicación da carreira profesional dos seus empregados así como tanto na integración no V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia como na posterior funcionarización do seu persoal para o que as partes

## ACORDAN


### **Primeiro.- Proceso de estabilización do persoal propio de GAIN**





No Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2022 publicouse a resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación pola que se convocan 42 prazas para un proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos grupos I categoría 4, grupo II categoría 7 e grupo III categoría 2 de persoal laboral fixo da Axencia Galega de Innovación.



Este proceso de estabilización enmárcase no disposto tanto pola normativa estatal, na citada Lei 20/2021, do 28 de decembro, como pola normativa autonómica na Lei 5/2022, do 21 de decembro, que teñen como obxectivo a redución da temporalidade no emprego público.



**Segundo.-** Rematado o dito proceso de estabilización procederá de xeito inmediato á apertura dun proceso de integración, no V convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, do daquel persoal laboral propio da Axencia (GAIN) que cumpra os requisitos para poder ser laboral fixo da Xunta de Galicia consonte o establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.



José Barreiro

Non obstante aínda que dito proceso non estea finalizado, e co obxectivo de ir avanzando, negociárase a orde de integración do persoal laboral fixo do persoal de GAIN no V convenio colectivo do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia no segundo semestre de 2023 para posibilitar esa publicación inmediata da orde unha vez rematen os procesos de estabilización.

**Terceiro.-** Efectuada a integración procederase á apertura do proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo de GAIN que se teña integrado, como consecuencia do establecido no apartado anterior deste documento, nas categorías do V convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

O obxectivo e que esta funcionarización, realizada de conformidade co disposto na disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, estea rematada antes da finalización no primeiro semestre do ano 2024. A tal efecto na OPE 2023 se inclúen as prazas deste persoal obxecto de funcionarización.

**Cuarto.-** Para incorporar ao persoal do ente de GAIN ao Acordo de concertación do Emprego Público de Galicia promoverase, nos dous meses seguintes á sinatura do presente acordo, a apertura dun réxime extraordinario de complemento de desempeño -a recoñecer e aboar a través dos orzamentos de GAIN- para o seu propio persoal laboral fixo que opte conxuntamente pola integración no V Convenio colectivo e pola funcionarización.

Os efectos económicos terán efectos retroactivos do día un de xaneiro 2023 sempre que se cumpra esa dobre opción da persoa interesada.

A periodicidade posterior producirase nos anos naturais e as contías (cos incrementos derivados nas Leis de orzamentos) establecidas no Acordo do 22.11.2022 entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO. e UGT para o establecemento do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 226, do 28 de novembro). De tal xeito, que con efectos do 01.01.2023 aboaranse o 80% das cantidades establecidas e con efectos do 01.01.2024 o 100%.

Todas aquelas melloras que se produzan nesta materia para o persoal dependente da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia seranlles de aplicación directa ao persoal do GAIN de forma análoga.

**Quinto.-** Confeccionarase e aprobarase unha Relación de Postos de Traballo (RPT) de GAIN que permita tanto a integración do persoal laboral fixo de GAIN como persoal laboral fixo do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, como posteriormente a funcionarización, consonte o establecido na disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, deste persoal.

Con tal finalidade esta RPT comezarase a negociar no segundo semestre de 2023 coa finalidade de que estea rematada antes da toma de posesión deste persoal como persoal laboral fixo do V Convenio colectivo.

**Sexto.-** Proceder á modificación ou a formular as propostas de modificación normativa que sexan necesarias para a consecución dos anteriores obxectivos.

**Sétimo.-** O persoal ao que lle afecta este acordo, unha vez funcionarizado, aplicaráselle o réxime ordinario de carreira profesional.

No que atinxe ao sistema de carreira administrativa ordinaria/complemento de desempeño valoraráselle a antigüidade como persoal laboral de GAIN nos mesmos termos que a antigüidade como persoal laboral da Xunta e conservaranse os dereitos adquiridos polo sistema extraordinario de carreira profesional descrito no apartado cuarto.

**Oitavo.-** A comisión de vixilancia, interpretación e seguimento do presente acordo estará integrada polas OO.SS. asinantes do presente acordo.

**Noveno.-** As equivalencias entre as categorías profesionais de GAIN / CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA e as escalas de persoal

funcionario, serán as establecidas no Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro:

Subgrupo Destino Orixo

A1 Corpo Superior da Admón. Xeral I-4

A2 Corpo de Xestión de Admón. Xeral II-7

C1 Corpo Administrativo da Admón. Xeral III-2/62

Santiago de Compostela, 31 de Outubro de 2023

Pola Administración



José María Barreiro Díaz

Director xeral da Función Pública



Patricia Argerey Vilar

Directora da Axencia Galega de Innovación

Polas Organizacións



José Francisco Sánchez-Brunete Varela

Representante CSIF



Javier Lareu Rodiño

Representante CC.OO

Lino Díaz Goás

Representante UGT



